Concello de Lourenzá (Lugo)
Praza do Conde Santo, s/n. - Telfs. 982 12 10 06 - 982 12 15 52 - Fax 982 12 15 06 - C. P. 27760 - C. I. F. P - 2702700 B - R. E. L. 01270272

# BANDO

DONA MARIA EMMA ÁLVAREZ CHAO, Alcaldesa do Concello de Lourenzá

# FAI SABER:

**INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DELIMITACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO NORTE, RUTA DA COSTA, AO SEU PASO POR LOURENZÁ**

A diretora xeral do Patrimonio Cultural ditou, o 9 de agosto de 2013, unha resolución pola que se incoa o procedemento para a delimitación do **CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE (RUTA DA COSTA)** que foi publicada no DOG do 04/09/2013.
Nela acórdase a apertura do trámite de información pública ata o **3 de novembro de 2013,** durante o cal se poderá examinar o expediente nas oficinas municipais e formular as alegacións que se estimen oportunas.
Polo Concello de Lourenzá atravesan os dous trazados xacobeos que percorren a Mariña.
O primeiro entra en Galicia atravesando a Ria de Ribadeo, cuxo cruce realizábase orixinalmente mediante as barcas que facían o porta da ría, atravesa Ribadeo e chega a Lourenzá. O trazado deste tramo do camiño, que discorre integramente pola parroquia de Santa María, correspóndese co do antigo camiño real de Ribadeo a Betanzos, pasando polos territorios dos concellos mariñáns de Ribadeo, Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo.
O segundo trazado é parte dunha ruta totalmente terrestre que viña dende Asturias atravesando o rio Eo pola ponte de Abres. A ruta atravesa a Serra da Cadeira e continúa a través do Val de Lourenzá polas parroquias de Santo Adrao e Santo Tomé.

Para máis información pasar pola Oficina Municipal de Rehabilitación en horario de 8.00 a 15.30 horas.

Lourenzá, 18 de setembro de 2013

Emma Álvarez Chao. Alcadesa.